

UD 11. A DIVISIÓN DO MUNDO EN BLOQUES

1. GUERRA FRÍA E BIPOLARIZACIÓN

- 1946-47 → Consolidación da presenza da URSS en Europa Oriental.
 - EEUU intensifica a súa política de contención do comunismo.
 - GUERRA CIVIL GREGA (1947) ⇒ Intervención de EEUU ⇒ Vitoria dos monárquicos contra a guerrilla comunista.
 - División do mundo en 2 BLOQUES:
 - BLOQUE OCCIDENTAL ou Capitalista encabezado por EEUU
 - BLOQUE ORIENTAL ou Comunista encabezado pola URSS
- 1947-1991 ⇒ Permanente enfrontamento, guerra non declarada.
- ↳ **GUERRA FRÍA** → Características:

1.1. CARACTERÍSTICAS DA GUERRA FRÍA

1) ENFRONTAMENTO BIPOLAR de carácter global

- Aliñamento máis ou menos forzoso dos Estados coa postura dunha das superpotencias.
- 2 bloques de Estados unidos por alianzas que se enfrontan ⇒ Non existe neutralidade.
- Recoñecemento máis ou menos tácito dunha zona de influencia exclusiva para cada superpotencia.
 - ↳ Respecto mutuo das respectivas zonas.
 - ↳ Non intervención directa.
- Reparto:
 - ✕ URSS → Europa Oriental e Balcánica (agás Grecia).
 - ✕ EEUU → Europa Occidental, Xapón, América.
- Novos Estados pola descolonización ⇒ MOVEMENTO DE PAÍSES NON ALIÑADOS.
 - ↳ Zonas onde os bloques militares miden as súas forzas.

2) ENFRONTAMENTO NON BÉLICO

- Ameazas entre superpotencias e enfrontamento en guerras locais (entre países apoiados polos bloques).
- EQUILIBRIO DO TERROR baseado na DISUASIÓN NUCLEAR que evita a guerra aberta e conleva unha CARREIRA ARMAMENTÍSTICA
 - ↑ de arsenais.
 - Innovacións técnicas.
- Enormes gastos militares → Grandes exércitos permanentes equipados.
 - ↳ A industria militar presiona sobre o poder político para manter elevados os investimentos militares.
- Desenvolvemento de actividades de espionaxe → Axencias de intelixencia: CIA, KGB.

3) ENFRONTAMENTO IDEOLÓXICO

- 2 sistemas diferentes e incompatibles:
 - Capitalismo (Democracia parlamentaria).
 - Comunismo (Ditadura do proletariado e Democracia popular).
- Propaganda dos méritos de cada sistema como medio para combater ao inimigo.

4) ENFRONTAMENTO DE TENSIÓN INTERMITENTE

- A tensión cede sempre sen que o conflito chegue ao enfrontamento directo.

1.2. FASES DA GUERRA FRÍA

a) 1947-62: FASE ÁLXIDA → Diferenzas crecentes desde 1945.

- 1947-53 → Ruptura, formación de bloques e inicio da tensión.
 - GUERRA DE COREA (1950-53).
 - División de Europa en 2 bloques ⇒ Creación de 2 Alemañas (1949).
 - Triunfo da Revolución Comunista en China (1949).
 - EEUU asina a paz con Xapón (1951).
 - Diferenzas irreconciliables entre bloques, case sen diálogo.
- 1953-62 → Morte de Stalin.
 - Cambio de dirixentes no Kremlin.
 - Solución do conflito de Corea.
 - Vontade de cooperación → Paz con Austria (1955) ⇒ Fin da ocupación.
 - Volta á máxima tensión: Crise dos Mísiles en Cuba (1962).

b) 1962-85: COEXISTENCIA PACÍFICA

- 1962-75 → Inicio das conversas por temor a unha guerra nuclear.
 - “Teléfono vermello” directo entre as superpotencias.
 - Acordos de limitación de armamentos (SALT).
 - Conflitos locais de longa duración (SE Asiático, Próximo Oriente).
 - 1975-85 → Elevada tensión.
 - Expansión da influencia soviética.
- ↳
- Reximes marxistas: Nicaragua, Angola, Mozambique.
 - Invasión de Afganistán (1979).

Política de contención activa de EEUU (sobre todo REAGAN).

↳ Renovación tecnolóxica do arsenal atómico: mísiles intelixentes, euromísiles, “guerra das galaxias”.

c) 1985-91: FINAL DA GUERRA FRÍA

→ Repercusión internacional das políticas da PERESTROIKA (reestruturación) e GLASNOST (transparencia) postas en práctica por GORBACHOV na URSS.

→ Iniciativas soviéticas por problemas económicos → Retirada de Afganistán.

⇓

→ Redución unilateral de forzas militares.

Cordialidade internacional ⇒ Tratados de limitación de armamento.

→ Debilidade soviética.

→ Desexos de cambio na poboación.

→ Tratado de paz con Alemaña (12 Nov. 1990).

→ Unificación alemana (3 Out. 1990).

→ 1991: Desaparición da URSS como Estado unificado.

→ 1994: Fin da retirada de tropas rusas en Europa central.

⇒ CAÍDA DO MURO DE BERLÍN (9 nov. 1989)

2. A FORMACIÓN DOS BLOQUES

2.1. BLOQUE OCCIDENTAL OU CAPITALISTA

a) **DOCTRINA TRUMAN**: EEUU debe axudar a todos aqueles países que loitan por impedir o avance do comunismo.

- Persecución de disidencias ⇒ 1948-54: Campaña contra sospeitosos de comunismo ou simpatizantes de esquerda.

↳ *Caza de bruxas* (McCarthy).

↳ Aceptación da sociedade americana influida pola propaganda do *perigo vermello*.

b) CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS: PLAN MARSHALL

→ Dirixidas aos reximes amigos ou anticomunistas para reconstrución económica ou reforzar os exércitos.

→ Contrapartidas para EEUU → Facilitade para a penetración de produtos

→ Aumentan os lazos de dependencia política e económica.

→ **PLAN MARSHALL** para a reconstrución de Europa despois da SGM. Obxectivos:

• Recuperar a capacidade de produción e compra dos mercados europeos.

• Evitar que a ruína de posguerra favorecera a inestabilidade social e a expansión do Comunismo.

↳ Axudas canalizadas pola Organización Europea de Cooperación Económica (**OECE**) formada polos países adscritos ao Plan (1948) ⇒ 1º paso para a integración económica de Europa Occ.

↳ Beneficiados: Gran Bretaña, Francia, Alemaña Occ., Italia, e en menor medida: Holanda, Bélxica, Austria, Dinamarca, Noruega, Suecia, Irlanda, Islandia, Grecia, Turquía, Portugal, Iugoslavia.

↳ Os países de Europa Or. con reximes comunistas rexeitaron, obrigados pola URSS, as axudas.

↳ Cumprimento de obxectivos básicos:

- Fomento da produción industrial.

- Reconstrución e mellora da agricultura por envío de maquinaria e abonos.

- Restablecemento do equilibrio orzamentario e monetario.

- Control da inflación.

- Recuperación dos mercados tradicionais.

- Aumento do comercio intraeuropeo.

↳ Beneficios para EEUU → Económicos: mercados para os seus produtos industriais.

→ Políticos: hexemonía sobre Europa Occidental.

→ Clima de estabilidade social: contención do avance dos PC.

c) ESTABLECEMENTO DE LAZOS MILITARES: OTAN

→ Pactos multilaterais que reforzan a cohesión interna ao garantir a mutua seguridade dos membros do bloque.

→ **1949: ORGANIZACIÓN DO TRATADO DO ATLÁNTICO NORTE (OTAN).**

↳ EEUU, Canadá, Gr.Br., Fr., Hol., Luxemburgo, Bélxica, It., Port., Noruega, Dinamarca e Islandia.

↳ Compromiso de prestarse axuda mutua no caso de agresión de terceiros países.

↳ Teórica soberanía de cada país pero a superioridade militar de EEUU marca o líder.

↳ 1952: Grecia, Turquía // 1955: RFA // 1982: España.

↳ Bases norteamericanas nos países membros → Asegurar a intervención USA.

→ Aumenta a capacidade defensiva da Alianza.

→ Alianzas similares promovidas por EEUU noutras áreas:

• **PACTO DO ANZUS** (1951) → Defensa do Pacífico Sur (Australia, Nova Zelandia).

• **ORGANIZACIÓN DO TRATADO DE DEFENSA DO SE ASIÁTICO – SEATO** (1954)

↳ Gr.Br., Fr., Australia, Nova Zelandia, Filipinas, Pakistán, Tailandia. (Disolta en 1977).

• **PACTO DE BAGDAD** (1955) → Turquía, Pakistán, Irak, Irán. (Disolto en 1979)

→ Acordos bilaterais de EEUU con outros países (Taiwán, Xapón, Corea S., España).

- Construción de bases militares para controlar as principais rutas comerciais.

- Busca da continuidade estratéxica de cerco ao Comunismo.

d) ESTRATEXIA DE DISUASIÓN: REPRESALIA NUCLEAR MASIVA

2.2. BLOQUE ORIENTAL OU COMUNISTA

- Resposta á constitución do Bloque Occidental ⇒ Aposta o fortalecemento da URSS despois da SGM.
- Ocupación de Europa Or. liberada polos soviéticos → 1945-48: Establecemento de reximes de carácter comunista.
- Desexo de expansión de Stalin cara ao Mediterráneo → Apoio á guerrilla comunista en Grecia.



→ Búsqueda de bases nos Dardanelos e Próximo Oriente.

Temor das potencias occidentais ⇒ Estratexia de contención e cerco ao comunismo.

a) DOCTRINA Jdanov: Deber de apoiar o desenvolvemento de PC, do movemento obreiro e dos movementos de liberación colonial en todo o mundo.

- 1947: **KOMINFORM** (OFICINA INTERNACIONAL DE INFORMACIÓN COMUNISTA)

- ↳ Obxectivos: - Protexer as conquistas revolucionarias da URSS e das Democracias Populares de Europa.
- Extender a revolución coa coordinación e apoio dos comunistas de todo o mundo.

b) CREACIÓN DUN ESPAZO ECONÓMICO COMÚN: PLAN MOLOTOV

- Rexistamento da axuda americana ⇒ Plan propio para a recuperación económica de Europa Oriental.
- Creación dun espazo común integrado e autárquico. Fases:

- 1947-48: Acordos comerciais e tratados de amizade e cooperación.
- 1949: **CONSELLO DE AXUDA MUTUA ECONÓMICA (COMECON)**.

→ Bulgaria, Checoslovaquia, Hungría, Polonia, Romanía, URSS.

+ tarde: Albania (retirada en 1961), RDA (1950), Mongolia (1962), Cuba (1972), Vietnam (1978).

→ Enfrontamento económico entre as superpotencias ⇒ 2 mercados mundiais paralelos sen relación.

→ Observadores e colaboradores: Iugoslavia, Corea N., China, Angola, Finlandia, Irak.

→ 1991: Disolución do COMECON pola crise das democracias populares.

c) ALIANZA MILITAR: PACTO DE VARSOVIA

- Plano militar → Non hai resposta inmediata á creación da OTAN.

→ Entrada da RFA na OTAN (1955) ⇒ Contacto fronteirizo entre os Bloques.

↳ **PACTO DE VARSOVIA:** URSS, Polonia, Hungría, Checoslovaquia, RDA, Romanía, Bulgaria, Albania.

❖ Finalidade defensiva fronte a calquera agresión estranxeira.

❖ Estructura de mando baixo ordes soviéticas.

❖ Obxectivos → Contrapeso da OTAN e amosar a capacidade de resposta do bloque comunista.

→ A URSS exerce o control sobre os seus aliados garantindo a súa hexemonía.

❖ Directrices da URSS de obrigado cumprimento ⇒ Intervencións: Hungría (1956), Checoslovaquia (1968).

❖ A diminución do control da URSS evidencia a debilidade interna do Pacto.

❖ **1989:** Caída do Muro de Berlín ⇒ Desaparición dos reximes comunistas.

↳ **1991:** Desaparición do Pacto de Varsovia.

3. FASE ÁLXIDA DA GUERRA FRÍA (1948-1962)

3.1. BLOQUEO DE BERLÍN (1948-49)

- Postdam → División de Alemaña e de Berlín en 4 zonas de ocupación.

→ Berlín: administración conxunta de URSS, EEUU, Francia e Gran Bretaña.

↳ División transitoria ata o acordo aliado sobre o Tratado de Paz con Al. ⇒ Empeoramento das relacións.

- Berlín está na zona de ocupación soviética.

- 3-VI-1948: Fusión das zonas gobernadas por occidentais → Nova moeda (marco).



→ Previsión de constitución dun novo Estado.

Stalin considera a fusión como violación de Postdam ⇒ **BLOQUEO** (24-VI-1948/V-1949).

- Situación da cidade → 4 sectores militares administrados por unha comisión de control.

→ Obrigada paso dos occidentais por zona soviética ⇒ Vía de abastecemento: corredores aéreos.

↳ EEUU → “tren aéreo” ⇒ Conversión de ocupantes en protectores.

- Aceleración do proceso de división de Alemaña e separación dos bloques ⇒ 2 Estados: **RFA** (Bonn)/ **RDA** (Berlín).

- Tamén en 1949 → OTAN / COMECON.

→ Empate nuclear (1ª bomba atómica da URSS).

3.2. GUERRA DE COREA (1950-1953)

- Capitulación de Xapón ⇒ Corea dividida en 2 zonas de ocupación polo paralelo 38° → N: control soviético
→ S: control de EEUU

- 1948: As potencias ocupantes transforman as súas zonas en Estados independentes:

* N → República Popular de Corea (Piong Yang) comunista.

* S → República Democrática de Corea (Seul) nacionalista.

- Triunfo de Mao en China ⇒ Aumento da presión comunista.

- 1950: Tropas de Corea do N. invaden Corea do S. ocupando a maior parte do seu territorio.

- ↳ Resolución do Consello de Seguridade da ONU calificando de **agresión** o avance norcoreano.
Base legal para a formación dunha forza multinacional que vai en axuda de Seul. ◀
- EEUU mobiliza o seu dispositivo bélico → VI Flota no Estreito de Formosa.
→ Traslado do exército de ocupación de Xapón a Corea.
- McArthur avanza cara ao N → Retirada norcoreana cerca da fronteira china.
↳ As tropas da ONU non seguen o consello británico de deterse no paralelo 38° e restablecer a situación inicial
↳ Intervención china → Retroceso da ONU.
- ↳ Estabilización da fronte nunha zona próxima ao paralelo 38°.
- 1953: Negociacións ⇒ ARMISTICIO DE PAN-MUN-JON → Confirma a división.
- Impacto da Guerra de Corea → Demostración de que Consello de Seguridade non é funcional polo veto.
→ Política asiática de EEUU ⇒ Creación de bastións anticomunistas.
→ Reforzamento da OTAN ⇒ Rearme da RFA e integración.
→ Creación do Pacto de Varsovia (con RDA).
→ China potencia influente na zona.
→ Relanzamento da economía norteamericana: industrias bélicas e auxiliares.

3.3. CANAL DE SUEZ (1956)

- NASSER (presidente de Exipto) busca financiación para a presa de Assuán.
↳ Xestións con EEUU e Gr.Br. → Créditos condicionados á renuncia do goberno ao seu acercamento á URSS.
- ↳ Nasser nacionaliza o Canal de Suez para empregar os beneficios da súa explotación na presa.
↳ Reacción de Gran Bretaña e Francia (intereses económicos e estratéxicos).
29-X-1956: Intervención militar franco-br. aliadas con Israel con prohibición da ONU e sen consultar a EEUU ⇒ Ocupación do Sinaí e Suez.
- Condena internacional unánime.
- Ameazas soviéticas de empregar armas atómicas en apoio de Exipto ⇒ Retirada de británicos e franceses da zona.
- Consecuencias → Demostración do declive europeo no contexto internacional.
→ As superpotencias deciden cando e onde se pode loitar.
→ Influencia crecente da URSS no mundo árabe.
→ Aumenta o rexeitamento contra os israelíes e as potencias occidentais que os apoian.
→ Crecente protagonismo dos novos países de recente descolonización.

3.4. CONSTRUCCIÓN DO MURO DE BERLÍN (1961)

- Desenvolvemento da zona occidental grazas ao Plan Marshall ⇒ Paso de berlineses do sector oriental ao occidental.
- 13-VIII-1961: A RDA pecha a fronteira berlinesa e ordena a construción dun muro.
- Protestas occidentais sen efecto ⇒ O muro acrecenta o sentimento de unión entre os occidentais.

3.5. CRISE DOS MÍSILES DE CUBA (1962)

- 1-I-1959: Triunfo da Revolución de Fidel Castro contra Batista.
- O novo goberno inicia un programa de transformacións de carácter socialista → Non recoñecemento dos EEUU.
→ Apoio da URSS ⇒ Tensión crecente.
- 1962: Cuba recibe armamento soviético.
14-X-1962 → Avións espías norteamericanos (U-2) fotografan rampas de lanzamento de mísiles atómicos orientadas a EEUU.
- KENNEDY → Denuncia á URSS como responsable da instalación.
→ Decreta o bloqueo militar á illa.
→ Estado de máxima alerta do exército para inmediata resposta.
- URSS → Exército en máxima alerta.
→ Buques soviéticos aproxímanse á liña de bloqueo protexidos por submarinos.
⇒ Tensión máxima → Posibilidade de conflito atómico.
- Intentos de acordo entre Kennedy e Krushev ⇒ 18-X: Os soviéticos retiran os mísiles.
⇒ Garantía de EEUU de non invadir Cuba e levantar o bloqueo militar.
- Recoñecemento do extremo perigo ⇒ Deberíanse buscar novas formas de resolución de conflitos.
↳ Conversas de desarme con un tono máis distendido.
Nov. 1963 – Asasinato de Kennedy.

4. COEXISTENCIA PACÍFICA E DISTENSIÓN (1962-1985)

4.1. FACTORES QUE FAVORECEN A DISTENSIÓN

a) Relevo dos dirixentes das grandes potencias e novos principios de política exterior

- Desaparición dos líderes de posguerra ⇒ Novas ideas: Krushev, Kennedy.

• A COEXISTENCIA PACÍFICA

- 1953: Morte de Stalin ⇒ Loitas polo poder ⇒ Vence **KRUSCHEV**

↳ **DESESTALINIZACIÓN** – XX Congreso do PCUS (1956) → Exposición dos erros de Stalin: intolerancia política, culto á personalidade, abusos de poder, deportacións masivas.

↳ Política exterior → Substitución do enfrontamento con Occidente pola procura da coexistencia pacífica.

↳ Krushev: A necesidade de manter a paz internacional debe levar ás potencias a facer concesións mutuas:

→ Mutuo recoñecemento da existencia de dous sistemas sociais contrapostos.

→ Non inxerencia en asuntos internos.

→ Recurso aos medios pacíficos para solucionar diferenzas.

↳ Non se renuncia aos presupostos ideolóxicos e económicos de cada sistema e os conflitos resolveranse mediante o compromiso.

↳ Sen embargo, existen momentos de agresividade na xestión de Krushev: muro de Berlín, mísiles en Cuba.

- **BREZHNEV** ⇒ Adopción dos presupostos da coexistencia pacífica como base para as relacións soviéticas con Occ.

- Doutrina da SOBERANÍA LIMITADA → Instalado o socialismo nun país, non se pode abandonar o sistema.

↳ Intervención soviética en Hungría (1956), Checoslovaquia (1968), Afganistán (1979).

• A NOVA FRONTEIRA

- 1960: Vitoria electoral de Kennedy ⇒ Novo estilo: A NOVA FRONTEIRA.

→ Máis flexibilidade nos asuntos mundiais.

→ O mantemento do dominio de EEUU é compatible coas solucións pacíficas.

→ Necesidade de aumentar as axudas económicas e técnicas aos países para que saian da pobreza, principal causa das situacións revolucionarias ⇒ América Latina: *Alianza para o progreso*.

→ Incremento de gastos en armamento.

- 1963: Asasinato de Kennedy.

• A OSTPOLITIK

- Apertura cara ao Leste formulada polo socialdemócrata alemán Willy BRANDT.

- Desde 1970 → Tratados para normalizar relacións cos países do Pacto de Varsovia.

→ Negociacións coa RDA ⇒ 1972: Recoñecemento mutuo de soberanía e respecto das respectivas fronteiras.

- Consecuencias

{	- Mellora das relacións políticas e económicas entre os Estados europeos.
	- Diminúe a tensión en Centroamérica.
	- Ingresos das dúas Alemañas na ONU.

b) Irrupción do Terceiro Mundo na escena internacional

- Década 1960 → Independencia da maior parte de territorios pertencentes aos Imperios coloniais europeos.

- Novos Estados ⇒ Políticas de neutralidade e de “Non Aliñamento” → Esixencia dunha nova orde internacional.

⇒ Escenarios de enfrontamentos → Cuestións fronteirizas mal resoltas polos colonizadores.

→ Peóns no choque de intereses entre as superpotencias.

c) A ruptura China-URSS

- Diferenzas crecentes China/URSS por motivos:

★ ideolóxicos	→ Colaboración con Occidente.
	→ Organización de “comunas” populares.

★ fronteirizos → Trazado da fronteira mutua.

- Ruptura China/URSS.

- Bomba atómica china → agravamento das tensións ⇒ China 3ª superpotencia.

- Achegamento China Popular/EEUU sobre a base da coexistencia pacífica.

d) Novas estratexias defensivas

- Obxectivo ⇒ Diminúe a inseguridade e os riscos nucleares.

- Sistema de resposta flexible ⇒ A resposta en caso de agresión será proporcional á intensidade da agresión.

- Perfeccionamento dos sistemas de detección para previr o ataque.

- Teléfono Vermello ⇒ Consultas directas entre as superpotencias en caso de crise.

4.2. CARREIRA DE ARMAMENTOS E CONFERENCIAS DE SEGURIDADE E COOPERACIÓN

- Paralelismo → declaracións a favor da coexistencia pacífica.

→ intensa carreira armamentística pola supremacía militar (desenvolvemento de novas armas).

a) Carreira de armamentos

- Risco de conflito militar de carácter nuclear ⇒ A ONU propicia acordos sobre desarme e control de armamentos.

- ↳ Desde 1960: → Prohibición de instalar bases na Antártida, espazo estraterrestre e nos fondos oceánicos.
 - Prohibición de ensaios nucleares na atmosfera, augas e o espazo, non no subsolo.
 - ↳ 1968: Tratado de non proliferación das armas nucleares → Impide a súa fabricación.
 - ↳ Acordos rexionais de desnuclearización.
 - ↳ Convención sobre a prohibición de fabricar, almacenar e empregar armas bacteriolóxicas.
 - Control do uso da enerxía atómica polas superpotencias.
 - Elevado custo dos sistemas de ataque e defensa ⇒ Negociacións con acordos para limitar a carreira de armamentos.
 - ↳ Conferencias **SALT** (*Strategic Arms Limitation Talk*)
 - **SALT I** (1972) → Limitación dos sistemas móbiles antimísiles.
 - **SALT II** (1979) → Limitar o número de cabezas nucleares para cada arma.
 - Limitar a modernización de determinados sistemas.
 - Fíxase o total de mísiles e avións portadores de armas atómicas.
 - As partes comprométese a facer públicas as súas forzas.
 - ↳ EEUU non ratifica o Tratado pola invasión soviética de Afganistán.
 - **1979:** Invasión soviética de **Afganistán**.
 - **1981:** **REAGAN** presidente de EEUU ⇒ Política de rearme:
 - Instalación en Europa dos mísiles nucleares sobre plataformas móbiles contra os SS20 soviéticos.
 - Política de intervención ⇒ Invasión de Granada (1983), bombardeo de Libia (1986).
 - **1983:** *Iniciativa de Defensa Estratéxica* (Guerra das Galaxias)
 - ↳ Plan teórico para facer no espazo un escudo defensivo que faría invulnerable a EEUU.
 - ↳ Os problemas económicos da URSS non permiten aumentar os investimentos armamentísticos.
 - **1985:** **GORBACHOV** elixido Secretario Xeral do PCUS.
- b) Carreira espacial**
- Novo campo de rivalidade:
 - ↳ URSS → 1º satélite artificial (SPUTNIK, 1957).
 - GAGARIN realiza o primeiro voo espacial tripulado (1961).
 - ↳ EEUU → Creación da NASA ⇒ Programa APOLO.
 - 1969: Chegada do home á Lúa.
 - ↳ Resposta soviética ⇒ Programa SOYUZ.
- ⇒ Carreira de prestixio e propaganda con compoñente militar.

c) Conferencias de seguridade e cooperación en Europa

- **1973-1975:** **CONFERENCIA SOBRE SEGURIDADE E COOPERACIÓN EUROPEA** en Helsinki.
- ↳ Bases das relacións internacionais:- Respecto á igualdade soberana dos Estados.
 - Renuncia á ameaza e ao uso da forza.
 - Arranxo de conflitos por medios pacíficos.
 - Inviolabilidade das fronteiras.
 - Rexeitamento de iniciativas contra a independencia dos Estados.
 - Inviolabilidade das fronteiras.
 - Non inxerencia nos asuntos internos de outras nacións.
 - Respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais.
 - Igualdade de dereitos e á libre autodeterminación dos pobos.
 - Cooperación científica, económica, humanitaria e cultural.
 - Respecto ao Dereito Internacional.

4.3. FOCOS DE TENSIÓN

a) O conflito de Oriente Medio

- Finais do XIX → O nacionalismo xudeu reivindica unha patria propia que debía establecerse en Palestina.
- 1920 → Promesa británica de favorecer a creación dun Estado xudeu en Palestina.
- ↳ Establecemento de xudeus desprazando á poboación autóctona ⇒ hostilidade da comunidade árabe.
- 1947: A ONU reparte o territorio creando dous Estados: xudeu e palestino (Xerusalén baixo control internacional).
- ↳ Rexeitamento árabe.
- 1948: Fundación do Estado de Israel ⇒ Guerra entre árabes e xudeus ⇒ **GUERRAS ÁRABE-ISRAELÍIS:**
- **1ª GUERRA (1948-49)**
 - Inicio como reacción palestina á creación do Estado de Israel.
 - Vitoria israelí ⇒ Consolidación do Estado e ampliación do territorio.
 - Palestina perde territorio incluso a mans dos seus aliados (Exipto, Xordania) ⇒ Éxodo de refuxiados.
 - Organización de grupos nacionalistas que loitarán pola liberación de Palestina (1964-OLP).
- **2ª GUERRA: CRISE DO CANAL DE SUEZ (1956)** * Mencionada na páx. 4
- **3ª GUERRA: GUERRA DOS SEIS DÍAS (5-10 Xuño 1967)**
 - Israel ocupa Gaza, Sinaí, Cisjordania, Xerusalén e Altos do Golán.
 - Peché do Canal de Suez ata 1975 e control da marxe oriental por Israel.

- Sentimento de humillación dos árabes ⇒ Aumento do odio aos xudeus.
- Apoio militar e económico de EEUU a Israel ⇒ Xiro do mundo árabe a aceptar axuda militar soviética.
- Non aceptación polas partes das resolucións da ONU: ★ Os árabes néganse a recoñecer o Estado de Israel.
★ Israel négase a abandonar os territorios ocupados.

• 4ª GUERRA: GUERRA DO YOM KIPPUR (1973)

- Vitorias iniciais de exipcios (Sinaí) e sirios (Altos do Golán) ⇒ Contraataque xudeu e recuperación.
- Repercusións internacionais ⇒ Os países árabes produtores de petróleo deciden empregalo como arma contra Occidente e EEUU, aliados de Israel ⇒ **Crise económica mundial.**

❖ **SADAT** (presidente exipcio) inicia contactos con EEUU para negociar unha paz estable na zona.

➤ Negativa soviética a proporcionarlle armas ofensivas.

- 1978: **ACORDOS DE CAMP DAVID** entre Israel e Exipto con mediación norteamericana.

- Exipto recoñece o Estado de Israel.
- Israel devolve a Exipto a Península do Sinaí. ⇒ Rexeitamento do resto dos países árabes.

• CONFLITO DO LÍBANO

- Complicación na década de 1970.
- Loita das comunidades cristiás (maronitas, ortodoxos, católicos) e musulmanas (sunnitas, chiítas, drusos).
- Intervención de Israel como represalia contra actuacións terroristas de palestinos.
- 1982: O exército israelí chega a Beirut e expulsa á OLP (refúxase en Tunisia).

- 1988 → **INTIFADA** (levantamento dos palestinos nos territorios ocupados).

→ A OLP proclama o Estado Palestino.

- 1991: CONFERENCIA DE PAZ de Madrid ⇒ Negociación directa entre Israel, os Estados árabes e a OLP.

- 1993 → **ACORDOS DE OSLO** ⇒ *Paz por territorios* ⇒ Devolución de territorios á **Autoridade Nacional Palestina** (ARAFAT) para crear un futuro Estado palestino.

→ Israel e a OLP recoñécense mutuamente en Washington.

- 1994: Israel recoñece a autonomía palestina sobre Gaza e Xericó e asina a paz con Xordania.

- 1995: Asasinato do ministro israelí Isaac **RABIN**.

- 2000 → 2ª **INTIFADA**.

→ 1º Ministro de Israel: Ariel **SHARON**. ⇒

- Volta ao conflito → Fin das negociacións.
- Ataques contra civís xudeus.
- Forte represión israelí.
- Incapacidade política da A.N.P.

b) A Guerra de Vietnam (1945-1975)

- 1945: Desconcerto xeral e baleiro de poder pola derrota xaponesa.

↳ O líder comunista HO CHI MING proclama a independencia (Rep. Democrática de Vietnam → Hanoi).

↳ Francia non acepta e pretende restaurar o seu dominio na zona.

- Guerra → comunistas vietnamitas (axuda soviética e china).

→ exército francés (axuda de EEUU).

- 1954: Derrota francesa en DIEN BIEN PHU.

↳ CONFERENCIA DE PAZ DE XENEBRA → Partición do país (paralelo 17ºN):

★ Vietnam do Norte → HO CHI MING.

★ Vietnam do Sur → Control francés.

- 1955: Retirada fr. ⇒ Autoridades locais do Sur con apoio de EEUU proclaman a Rep. de Vietnam → Saigón.

↳ Goberno anticomunista.

↳ Forte represión gubernamental.

1960: Aparición da guerrilla comunista → Fronte Nacional de Liberación (FLN) “VIETCONG”.

↳ Apoio de Vietnam do Norte.

- Avances do Vietcong ⇒ Intervención crecente de EEUU en apoio ao Sur.

- 1961: **KENNEDY** → Envío de conselleiros militares e armas.

- 1964: **JOHNSON** → Intervención directa ⇒ Tropas e bombardeos aéreos sobre Vietnam do Norte.

- EEUU estende a guerra a Laos e Camboia para cortar os subministros á guerrilla.

➤ Incapacidade americana de destruír a resistencia comunista.

- Brutalidade da acción norteamericana. } ⇒ Repulsa xeralizada da poboación.

- Gran número de baixas. } ⇒ 1ª derrota de EEUU.

- Desmoralización das tropas. } ⇒

- Crecente hostilidade pública. } ⇒ 1968: **JOHNSON** ⇒ Cese de bombardeos.

- **NIXON** → Lenta retirada das tropas que coincide con conversas de paz con Vietnam do Norte.

- 1973: CONFERENCIA DE PARÍS → Asínase o alto ao fogo.

→ Total retirada norteamericana de Vietnam do Sur.

→ Inicio de conversas para a unificación.

- 1975: Vietnam do Norte conquista Saigón e unifica o país. ⇒ Impasibilidade de EEUU.

- Vietnam → Derrota para EEUU e perda de prestixio internacional → Militar: poderoso exército contra campesiños.

→ Moral: rexeitamento da súa opinión pública.

- Triunfo para o bloque comunista ⇒ dominio de Indochina (importancia xeoestratéxica).
 - ↳ Enfrontamento URSS/China polo control de Asia.
- Auxe dos movementos pacifistas.

c) A Guerra de Afganistán (1979-1989)

- Relacións cordiais coa URSS dos gobernos de Afganistán ⇒ Axudas económicas.
- 1978: Golpe de Estado ⇒ PC no poder.
 - ↳ Tensións co clero musulmán e cos terratenentes:
 - Conflitos armados.
 - Guerrillas apoiadas por Pakistan, Irán, EEUU e China.
- 1979: Tropas de ocupación da URSS para garantir a continuidade do goberno comunista.
 - ↳ Obxectivo:
 - Eliminar a oposición interna.
 - Asegurar o control da zona evitando a expansión do fundamentalismo islámico (Irán).
- Intervención soviética duramente criticada ⇒ Agravamento das tensións entre Bloques.
- As tropas soviéticas non foron capaces de resolver a situación.
- **GORBACHOV** → Búsqueda dunha solución pacífica ⇒ Acordo entre as partes enfrontadas: goberno e *mujaidins*.
- **1988-89**: Retirada das tropas soviéticas.
 - ↳ Dificultades das superpotencias para impoñerse sobre pequenas nacións que presentan resistencia.
 - ↳ Enormes custos e beneficios escasos.
 - ↳ Incapacidade soviética para estender e consolidar o seu dominio sobre zonas veciñas.
 - ↳ Perigo do Fundamentalismo Islámico.
 - ↳ Perda de prestixio do Bloque Comunista no Terceiro Mundo.
 - ↳ EEUU aproveitou a invasión para aumentar a súa política de gastos militares, instalar mísiles en Europa, e deseñar a estratexia da *guerra das galaxias*.

5. FINAL DA GUERRA FRÍA E DESAPARICIÓN DA URSS (1985-1991)

- Graves dificultades estruturais e internas da URSS: estancamento, atraso tecnolóxico, deterioro da calidade de vida.
 - ↳ **GORBACHOV** → Reformas para transformar a xestión política e económica da URSS ⇒ Bases:
 - Reestruturación (PERESTROIKA).
 - Transparencia (GLASNOST).
 - ↳ Non pretendía poñer en dúbida o sistema, senon aumentar a súa eficacia.
- Prioridade → Problemas internos.
 - ↳ Política internacional para reducir a confrontación e a carreira de armamentos.
 - ↳ Propostas de redución de armamento nuclear.
 - ↳ Medidas unilaterais:
 - Moratoria de realización de probas nucleares.
 - Desmantelamento de mísiles nucleares de curto alcance.
- ↳ Gorbachov esperaba de EEUU a renuncia a continuar a guerra das galaxias.
- 1985-88: Reunións entre Gorbachov e Reagan.
 - **1987 - TRATADO DE WASHINGTON** ou de Forzas Nucleares Intermedias (Tratado de *opción global dobre cero*) ⇒ EEUU e URSS obríganse a destruír os mísiles nucleares de alcance intermedio (500-5000 km) instalados en Europa (SS20 soviéticos, Pershing2 e Cruise norteamericanos).
- 1988: Retirada soviética de Afganistán, incapaz de controlar a situación.
- 1988: Agravamento dos problemas internos da URSS → Debilidade do poder central.
 - Diverxencias dentro do PCUS.
 - Problemas económicos.
 - Tendencias nacionalistas disgregadoras, con enfrontamentos:
 - ★ Entre comunidades nacionais integrantes da URSS → Armenia e Azerbaixán por Nagorno-Karavaj.
 - ★ Contra o poder local → Abjasia quere separarse de Xeorxia.
 - ★ Contra o poder de Moscova → Estonia, Letonia, Lituania, Chechenia.
- Europa Oriental ⇒ Aparición de procesos de cambio cara á democratización política:
 - por presión popular (Checoslovaquia, RDA).
 - por estímulo dos propios gobernos (Hungría).
- ↳ **1989**: Rápida caída dos reximes comunistas.
- Apertura da fronteira húngara con Austria ⇒ fuxida de alemáns orientais cara a Occidente.
 - + Manifestacións dentro de Alemaña ⇒ Apertura de fronteiras da RDA.
- **9 Nov. 1989: CAÍDA DO MURO DE BERLÍN.**
- Transformacións pacíficas (Polonia, Checoslovaquia) e violentas (Rumania).
 - ↳ A URSS non intervéñ para reprimir os cambios.
- China ⇒ Matanza de TIANANMEN (Xuño 1989).
- Problema da unificación de Alemaña ⇒ *Conferencias dous máis catro* (RDA, RFA e os vencedores da SGM).
 - ↳ 12 Setembro **1990: ACTA DE UNIFICACIÓN** (asinada en Moscova, ratificada en NY).
 - Anexión da RDA pola RFA.

- Respecto ás fronteiras polacas.
- Redución de armamento.
- Permanencia na OTAN.

→ Cesan os dereitos de ocupación das potencias vencedoras da SGM.

→ Alemaña recupera a súa soberanía ⇒ Abandono das últimas tropas ocupantes (1994).

- Negociación dos Bloques para a redución de armamento.

↳ 19 Dec. 1990: **TRATADO SOBRE REDUCCIÓN DE FORZAS CONVENCIONAIS** na CONFERENCIA DE SEGURIDADE E COOPERACIÓN EUROPEA (París).

★ Redución e redistribución de armas.

★ Redúcese a concentración de armamento en Europa central.

★ A URSS retira as súas tropas de Europa Oriental.

★ Os 34 participantes (22 da OTAN e Pacto de Varsovia+Albania) asinan a CARTA DE PARÍS PARA UNHA NOVA EUROPA.

- 1991 → Tratado **START** → As superpotencias reducen o 30% o seu arsenal nuclear estratéxico.

→ Disolución do COMECON e do Pacto de Varsovia.

→ Negociación China/URSS sobre fronteiras.

→ Problemas económicos e nacionalistas na URSS.

↳ Demisión de Gorbachov.

↳ Creación da COMUNIDADE DE ESTADOS INDEPENDENTES (CEI) ⇒ Desintegración.